

## Respostas 6ºB. Ciencias Sociais. Semana 04-08 maio.

ATENCIÓN: Esta ficha é para entregar.

*Correo : [Colexioflavia1@gmail.com](mailto:Colexioflavia1@gmail.com).*

-Deben estar feitas no cuaderno.

- Destacando os enunciados e deixando espazos.

-Escribir con letra ben clariña.

- Importante! Non esquezas poñer o nome, apelidos e tamén o nº de lista na parte superior dereita.

### Día 1

Tarefa 1: Fai un resumo das Unidades do relevo da península completando este gárfico



### Día 2

## Tarefa 1

Guadalhorce, Texo, Ebro, Pas, Ulla, Turia, Odiel, Llobregat, Nalón, Douro,

Clasifica os ríos anteriores na seguinte táboa:

| Vertente     | Características  | Ríos                                       |
|--------------|--|--|
| Atántica     | <i>Os ríos atlánticos, polo xeral, nacen a moita distancia do océano a excepción dos ríos galegos. No seu percorrido reciben a auga de numerosos afluentes.</i>  | <i>Texo ,Ulla, Douro, Odiel</i>            |
| Cantábrica   | <i>Moitos dos ríos que nacen na Cordilleira Cantábrica discorren por tramos con grandes desniveis e desembocan no mar Cantábrico. Todos eles son curtos, caudalosos e regulares.</i>                               | <i>Pas, Nalón</i>                          |
| Mediterránea | <i>Os ríos mediterráneos con curtos, pouco caudalosos e sofren estiaxe no verán, é dicir, reducen moito o seu caudal, a excepción do Ebro. Este río é moi caudaloso e longo, debido aos seus moitos afluentes.</i> | <i>Guadalhorce, Ebro, Turia, Llobregat</i> |

## Tarefa 2

-Busca o significado dos seguintes termos:

**Caudal:** Cantidad de auga dunha corrente que pasa nun segundo por un lugar determinado.

**Estiaxe:** Época do ano en que o caudal está no nivel máis baixo.

**Vertente:** Cada un dos lados pendentes dunha montaña que verten as augas en distinta dirección.

-Agora, empleando esos termos, explica as características do río Ulla.

*O río Ulla pertence a vertente atlántica. É curto e caudaloso. O súa época de estiaxe pródúcese no verán e recibe o seu maior caudal durante o outono e inverno.*